



A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

De acordo co punto 6 do artigo 126 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establécese que lles corresponde ás administracións educativas determinar o número total de membros do consello escolar e regular o proceso de elección. Ao abeiro do establecido na disposición transitoria décimo primeira da LOE, dado que o dito artigo remite a posteriores disposicións regulamentarias que aínda non foron ditadas, son de aplicación as normas dese rango que o viñan sendo na data de entrada en vigor da LOE, sempre que non se opoñan ao disposto nela.

Pola súa parte, o Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro, establecen as condicións de celebración das eleccións dos membros dos consellos escolares nos centros docentes.

A Orde di 21 de outubro de 1996, pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do consello escolar nos centros non universitarios sostidos con fondos públicos, establece o procedemento de integración no consello escolar do profesorado, do alumnado, e dos pais/nais/titores legais e determina a composición dos consellos escolares con oito unidades ou máis.

Corresponde no curso 2022/23 a renovación parcial dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos, polo que:

Durante mes de **novembro**, polo tanto, ábrese un proceso nos Colexios coa finalidade de renovar os representantes dos PAIS/NAIS, do CONCELLO, da A.N.P.A, do PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS e do PROFESORADO nos **CONSELLOS ESCOLARES**. Nestas eleccións corresponde renovar **tres (3)** representantes do **profesorado**, **dous (2)** representantes dos **pais/nais** (un deles será designado pola ANPA) e **un (1)** representante do **persoal de administración e servizos**.

Os membros do consello escolar elixidos conforme ao presente proceso electoral serán nomeados por un período de **catro cursos** escolares.

O colexio ofreceralles toda a información que demande e porá á disposición das candidaturas os locais que precisen para a celebración dos seus actos electorais, previa comunicación escrita á Xunta Electoral.

O venres, 4 de novembro de 2022, ás 16:50 h celebraremos, na sala de mestres do centro, sorteo público para designar un pai ou nai, un representante do persoal laboral non docente e un profesor ou profesora que, xuntamente co director/a, constituirán a XUNTA

ELECTORAL que organizará e supervisará o procedemento de renovación dos membros do CONSELLO ESCOLAR.

Á falta da súa aprobación por parte da XUNTA ELECTORAL, o calendario previsto é o que segue a continuación:

- **Día 4 de novembro.**- 16:50 h - Sorteo público dos membros da XUNTA ELECTORAL na sala de mestras/es.
- **Día 7 de novembro.**- 17:30h - Constitución da XUNTA ELECTORAL, aprobación do CALENDARIO ELECTORAL e aprobación dos **Censos Electorais**.
- **Día 9 de novembro.**- Exposición pública dos censos no taboleiro de anuncios do colexio. Reclamacións ata as 14:00 h do día 16 de novembro de 2022.
- Prazo para a **PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS** dende o **día 11 de novembro ata as 14 horas do día 18 de novembro de 2021**.
- **Día 23 de novembro.**- 12:30 h - Reunión da XUNTA ELECTORAL: proclamación de candidatos/as e sorteo para as mesas electorais.
- **Día 29 de novembro.** - VOTACIÓNS:
 - PERSOAL LABORAL: de 14:35 h a 15:30 h (en secretaría).
 - PROFESORADO: de 14:35 h a 15:30 h (en secretaría).
 - PAIS/NAIS: de 16:30 h a 18:30 h (na entrada do colexio).
- **Día 12 de decembro.**- 17:30 h - **Constitución do novo CONSELLO ESCOLAR**
 - Determinación de comisións

Dada a importancia das competencias do Consello Escolar (aprobación dos orzamentos, marcar liñas de actuación do Centro, participación na elección de director, ...) como órgano relevante na xestión e control do Centro, non quixera rematar sen convidalos a que presenten a súa candidatura ou ben voten a quen mellor lles pareza entre as presentadas.

Un saúdo cordial.

En Xove, a 3 de novembro de 2022

O director



Asdo: Marcial Miramontes Lopez

